

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: INICIO EXPTE. CONTRATO DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DA POLICÍA LOCAL E XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE TEO - O-6/2024. DECLARACIÓN DE URXENCIA NA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE. EXPEDIENTE 2024/C003/000006

EXPEDIENTE: 2024/G003/001122

Vista a memoria valorada das OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DA POLICÍA LOCAL E XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE TEO, redactada por Luis Javier Castro Martínez, arquitecto técnico municipal, de febreiro de 2024, asinado o 31 de xullo de 2024, cuxo importe ascende a cen mil euros (100.000 €, correspondéndose 82.644,63 € co orzamento base de licitación e 17.355,37 € co IVE).

Visto o informe do arquitecto municipal sobre o investimento, do 31 de xullo de 2024, e o informe do arquitecto técnico municipal sobre clasificación de empresas contratistas de obras, do 26 de agosto de 2024.

Visto o certificado de existencia de crédito do 26 de agosto de 2024.

Considerando que por Resolución da Alcaldía do 26 de agosto de 2024 (1066/2024), aprobouse a memoria valoradas das obras.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), esta Alcaldía, en calidade de órgano de contratación, considera necesario que se tramite un contrato para a execución da obra de acordo co indicado no informe de necesidade que consta na memoria xustificativa do contrato asinada pola Alcaldía o 29 de agosto de 2024 e incorporada ao expediente.

Segundo a citada memoria a *“actuación lévase a cabo sobre un edificio de titularidade municipal de carácter dotacional, o cal se utiliza como edificio para diversas actividades, oficinas da policía municipal do Concello de Teo, Xulgado de Paz e oficinas municipais.*

Trátase da mellora da eficiencia enerxética do citado edificio, unha instalación amplamente utilizada dados os servizos que alberga, e a necesidade de que os traballadores que o utilizan podan facelo nas mellores condicións de traballo posible.

Esta obra é inaprazable debido á imposibilidade de uso durante os meses de inverno, polas baixas temperaturas e a proliferación de mohos e outros patóxenos que producen graves molestias e enfermidades aos usuarios. O deterioro avanzado da instalación, causado pola exposición prolongada á intemperie e ás condicións climáticas adversas, non constituía un impedimento para o desenvolvemento das actividades no interior da instalación, ata que o actual deterioro puxo de manifesto a necesidade inaprazable de intervir na mellora da eficiencia enerxética que supoñerá a desaparición das infiltracións, condensacións e patóxenos nas fachadas e ventanas, cuestións que representan un grave risco para a saúde dos traballadores e usuarios. A urxencia desta actuación deriva pois da imposibilidade do correcto uso conforme á lexislación laboral do edificio, o que terminaría co seu peche.

A intervención inmediata é esencial para evitar danos maiores e garantir a continuidade das actividades que ocorren no edificio, necesarios para o normal funcionamento co Concello. Non era unha necesidade anticipada ou previsible, xa que coñeciamos o estado do edificio, sen infiltracións de auga, ata as recentes tormentas que revelaron o problema actual.

Ademais, a esta situación de imprevisibilidade, súmase a necesidade de acometer a obra de maneira urxente debido ás condicións climáticas típicas do outono e inverno na nosa zona. A situación climática pode empeorar significativamente a situación actual, cun incremento substancial dos custos de reparación e a paralización do traballo do Xulgado de Paz, o que tería un impacto negativo na calidade de vida da nosa cidadanía e na economía local. A obra garantirá a mellora da eficiencia enerxética e evitará a filtración de auga tanto polas xuntas como pola condensación, mellorando substancialmente a calidade do edificio e as condicións de traballo do persoal municipal”.

Tendo en conta o exposto e á vista do establecido no artigo 119 da LCSP, resulta preciso declarar a tramitación urxente do expediente, ao responder o contrato, tal e como se desprende da memoria xustificativa da Alcaldía, parcialmente transcrita no presente, dunha necesidade inaprazable, cuxa adxudicación resulta preciso acelerar por razóns de interese público.

En virtude do exposto e aos efectos previstos nos artigos 28, 116 e 119 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e considerando a competencia da Alcaldía como órgano de contratación (Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023, res. 783/2023),

RESOLVO:

Primeiro.- Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a execución das obras previstas na memoria valorada de OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DA POLICÍA LOCAL E XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE TEO - O-6/2024 de acordo co indicado na memoria xustificativa do contrato, do 28 de agosto de 2024, parcialmente transcrita no presente.

Segundo.- Iniciar o procedemento de contratación das obras de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DA POLICÍA LOCAL E XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE TEO - O-6/2024, cuxo importe ascende a cen mil euros (100.000 €, correspondéndose 82.644,63 € co orzamento base de licitación e 17.355,37 € co IVE.), polo procedemento aberto simplificado do artigo 159 da LCSP, asignándolle o núm. de expediente O-6/2024, declarando a urxencia na tramitación do expediente, en base ao exposto no presente e de acordo co establecido no artigo 119 da LCSP, ao responder o contrato a unha necesidade inaprazable, cuxa adxudicación resulta preciso acelerar por razóns de interese público.

Terceiro.- Visto que no expediente xa consta:

- Informe do arquitecto municipal sobre a presente contratación, do 31 de xullo de 2024.
- Informe do arquitecto técnico municipal sobre a clasificación das empresas contratistas de obras, do 26 de agosto de 2024.
- Certificado de existencia de crédito, do 26 de agosto de 2024.
- Memoria xustificativa do contrato, do 28 de agosto de 2024.
- Acta de reformulo do proxecto, do 28 de agosto de 2024.

Solicítese, para a súa Incorporación ao expediente, de conformidade cos artigos 116, 236 e ca Disposición adicional terceira da LCSP, a seguinte documentación:

- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe

Virginia Fraga Díaz